

Detrás do barco pirata

A literatura infantil e xuvenil galega leva unha década inmersa nun proceso de profunda renovación. Hoxe dá acubillo a novas temáticas, intentando deixar atrás a ollada paternalista sobre a nosa sociedade, e procura superar as actitudes didactizantes que pexaban adoito a ficción para nenas e mozos, proxectando cara ao futuro os xéneros menos consolidados. Tomámoslle o pulso á LIX de noso. // **Montse Pena Presas**

“Ese Dickens, coas súas noveliñas por entregas escritas para meniños... Iso non é literatura”
Marcos S. Calveiro. *Rinocerontes e quimeras*

Ao longo da historia, a Charles Dickens, James M. Barrie ou Antoine de Saint-Exupéry unha parte das instancias culturais negáronlles a súa pertenza á considerada grande literatura: a destinada ao consumo do mundo adulto. Despois, alguén descubriría que detrás dun sinxelo conto de Nadal había unha profunda historia de pobreza e de solidariedade. Tempo máis tarde, outro alguén se sorprendería ao ver que, alén de incitarnos a viaxar nun barco pirata, Peter Pan era quen de verbalizar algo que sempre pensamos, mais que non nos atreviamos a dicir en alto: que doloroso é medrar! Outra revelación chegoulle a estouta alguén cando comprobou que o pequeno príncipe non só debuxaba boas cun elefante dentro senón que era un verdadeiro activista dese fantasma soñador que é a utopía.

Se todos estes textos se prestan a dúas interpretacións distintas, coincidentes con dúas etapas lectoras diferenciadas, é porque responden a ese dobre receptor que posúe a literatura infantil e xuvenil. O primario é a infancia e a adolescencia e o secundario son os adultos, que implicados no proceso lector desa nena, teñen que achegarse á obra en calidade de pais, mestras, bibliotecarias e, en xeral, mediadores da lectura. Como en toda a literatura, nas mellores letras infantoxuvenís hai unha chea de significacións que nos poden descubrir, revelar e clarexar puntos escuros da existencia humana. Porque ademais dun activador de ilusións, os textos para rapazas e rapaces son un arma que axuda a combater a intolerancia, a violencia e a maldade futuras.

VOGAR DUN XEITO DIFERENTE

As creacións galegas pensadas en primeira instancia para o universo infantil, procuran hogano con meirande e renovada forza ese dobre receptor e préstanse cada vez máis á lectura dupla. A calidade dos volumes, que potencia a súa visión como obxecto-libro, acada nos últimos tempos cotas que dez anos antes serían impensábeis. E se o pícaro queda seducido por unhas imaxes inmensas, profundas e coloristas, obra da nova fornada de ilustradores galegos –Kiko Dasilva, Noemí López, Patricia



Voces na Lagoa do Espantallo. // Xan López Domínguez

Castelao...), a adulta fascínase pola calidade e coidado con que foi feita a edición: cartoné, tipografía preciosista pero intelixíbel e unhas ilustracións que acadan a consideración de obra de arte son agora as protagonistas.

Este maior perfeccionamento formal é derivado, en grande medida, da irrupción do álbum ilustrado en Galicia e en galego. Cando en 1999 se crea a editorial Kalandraka, conseguindo ese mesmo ano o Premio Nacional de Ilustración por *O coelliño branco*, con texto de Xosé Ballesteros e imaxes de Óscar Villán, dáse o primeiro paso para que o panorama se transforme. As outras editoras comprobaban que o formato álbum funciona e apostan por elevar o nivel dos seus deseños, arriscando e comezando unha reformulación das súas liñas estéticas, que as obrigará a vogar dun xeito distinto no mar das letras. A “idea K” esténdese e agroma: dela saíran en 2005 a súa filial, Faktoría K, que cingue para os máis novos arte e literatura –aínda que non só edita para este público– e OQO, creada por parte dos responsábeis que no seu momento botaran a andar Kalandraka.

O escenario literario que nos atopamos en 2008 é resultado desa viraxe de rumbo editorial. Os primeiros lectores contan agora cunha grande variedade de obras con que enfrontarse á realidade, materializándose case todas

nesa combinación parella entre texto e ilustración. Dende a serie “Os Bolechas” d’A Nosa Terra, ideada por Pepe Carreiro, un tipo de álbum menos coidado e con argumentos máis sinxelos, pero igualmente efectivo e exitoso, ata os últimos títulos da colección Árbore de Galaxia, dun maior nivel estético e literario, que aposta por mesturar autoras de literatura infantil consagradas, como María Victoria Moreno, Helena Villar ou Xoán Babarro, con escritores que esporadicamente se teñen introducido neste mundo literario, como Rosa Aneiros e Xavier Seoane; sen esquecer tampouco as simpáticas e sorprendentes *Minimaladas* de Carlos López, recreadas por David Pintor, gañadoras do último Premio Merlín.

Mais a chegada deste formato non só trouxo canda si evolucións estéticas, senón tamén novos océanos temáticos, como comprobamos en *Titiritesa* (2007) de Xerardo Quintiá, con imaxes de Maurizio A.C. Quarello. Se ben en décadas anteriores certas narracións xa amosaban unha necesaria evolución dos roles de xénero –da que son pioneiras María Xosé Queizán, Xohana Torres ou Marilar Aleixandre–, *Titiritesa* é a primeira creación en afondar nos novos modelos de parella, ao presentar o amor entre dúas princesas con absoluta liberdade e naturalidade. A obra complementa o seu carácter deconstrutor de estereotipos co bosquejo das personalidades da protagonista, valente e arriachada, e do monstro, delicado e algo presumido.

O álbum tamén ampliou as idades lectoras ás que vai dirixido, chegando á adolescencia e querendo conquistar o mundo adulto, como anunciaban títulos como o magnífico *Cobertor de estrelas* (2005) de Ricardo Lísias, ilustrado por Itziar Ezquieta, unha creación en que a concisión da escrita mancaba ao transmitirle ao lector a difícil vida do protagonista, un meniño da rúa. *Imaxina animais* (2008), de Xosé Ballesteros e Juan Vidaurre, continúa este vello: texto que xorde da fotografía mesturada co *collage*, é un bestiario de animais evocados para o público que goce co deseño e a prosa coidada.

UN OCÉANO (RE)CONQUISTADO

Canto máis avanzamos en idade lectora, máis importancia volve cobrar a narración como xénero predominante. A narrativa xuvenil galega, cuxos alicerces se asentaran a mediados dos oitenta da man de autores xa clásicos, como Paco Martín, Fina Casalderrey ou Agustín Fernández Paz, é hogano un mar prolixo e di-

versificado, onde continúan a navegar os pioneiros, no que houbo numerosas incorporacións ao longo da década dos noventa, como os consolidados An Alfaya, Xosé A. Neira Cruz ou Xosé Miranda, e ao que no novo século se seguen a sumar anovadores voces, como as de Marcos S. Calveiro e Xavier Queipo.

Neste tempo, os clásicos seguíronnos a sorprenden. Martín retomou, máis de vinte anos despois, a historia do debuxante de soños máis popular da literatura galega en *Das novas cousas de Ramón Lamote*, volvendoo a inserirse na tradición de noso coa ironía e a retranscrición nun plano en que a realidade e o marabilloso se confunden. Namentres, óllase de esguello para o mundo do poder e contémpase criticamente a sociedade actual. Fernández Paz, finalista dese merecido Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil con *Corredores de sombra* (2006), unha interesante reviravolta ao tema da guerra civil, tirou do prelo nos finais de 2007 a prosa delicada e bela dos relatos d'*O único que queda é o amor*. Obra presentada por Xerais fóra de colección, cun coidadísimo formato –en boa parte grazas ás misteriosas e sentidas imaxes de Pablo Auladell–, permite descubrir a cara máis sensíbel e seguramente máis íntima do autor, pois os versos de outros mestúranse coa súa prosa espida, exhalante de paixón polos libros e desbordante de emocións. Pola súa banda, os consolidados ofrécennos máis pezas para seguir asentando a súa poética. Gañadora do II Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil, *Illa soñada* (2007), da prolífica An Alfaya –que tamén acaba de ver reimpresa *O caderno azul*–, é outra mostra máis dos protagonistas-símbolo nas periferias da sociedade que a autora adoita colocar nas súas ficcións. Outro dos autores máis asentados, Xosé Miranda, volve arrepiarnos coa reedición de *Vestio* (2008), unha das pezas que conforman a súa sonada “Triloxía do medo” e onde de novo fica patente o seu excelente dominio de todas as ares das tradición popular.

Mais as sorpresas que deparou este océano nos últimos meses viñeron da man de dúas novelas de autores con escaso percorrido no ámbito xuvenil. Xavier Queipo fíxonos recuperar o interese por escoitar e contar historias con *Saladina* (2008), texto debedor dos ourives cunqueiráns no que se recupera a maxia da palabra. Mais o verdadeiro descubrimento foi Marcos S. Calveiro, que nos agasallou con *Rinocerontes e quimeras*, unha fonda reflexión sobre o canon que delimita a normalidade e sobre a dominación e a soidade resultante do rexeitamento social. Obra dunha envolvente e sutil prosa, que artella unha conseguida ambientación circense no s. XIX, conseguiu reactivar o fenómeno dos lectores, que a converteron no libro xuvenil de 2007.

OS MARES QUE NOS RESTAN

Dicir que a poesía e o teatro continúan a ser os xéneros menos cultivados para a infancia e a adolescencia é xa un tópico ao que de novo hai que acudir para falar da produción destes últimos meses. O eido do poético conta en Galicia cun grupo de autores de traxectoria amplamente consolidada e cunha obra de indubidábel calidade, como Antonio García Teijeiro, Gloria Sánchez ou Ana María Fernández –quen vén de tirar do prelo *Poemas que me cantou o grilo*–. Mais os retos da poesía infantil galega pasan pola capacidade de conseguir proxectar cara ao futuro acadando unha maior visibilidade e incorporando novas voces que procuren




Ilustración d' *O neno que tiña medo dos robots*. // José Tomás

A literatura galega para nenos e mozas demostra que detrás do barco pirata hai todo un mar de significados entre os que voga o noso futuro como sociedade

outros horizontes. Quizais a publicación de *PAIAbraS brAncAs* (2008), a primeira incursión nos versos para a infancia de Elvira Riveiro Tobío, camiñe nesa dirección.

A este baleiro de voces novas responden as editoras recuperando poetas da tradición literaria. A aposta máis forte é a colección Trece Lúas, de Faktoría K, un espazo interartístico en que se funden poesía e arte. O volume de Celso Emilio Ferreiro con pinturas de Baldo Ramos e a escolma de Rosalía con imaxes de Belén Padrón son verdadeiro pracer para os sentidos, unha oportunidade de combinar o impacto do visual coa potencialidade do oral. Ademais, a próxima celebración do

17 de maio dedicado a Álvarez Blázquez achegou tanto a reedición na colección Merlín de Xerais de *Roseira do teu menceiro*, ilustrado por Manuel Uhía, como a edición d'*O que ben che quer* en OQO, con composicións tiradas dese poemario e fermosas pinturas da súa filla, Berta Álvarez Cáccamo.

Os textos dramáticos tamén demandan unha maior presenza no panorama editorial. A pesar de esforzos como o do Colectivo Garola, integrado por cinco escritores –entre os que está Carlos Labraña, un dos máis implicados co xénero– que tiraron do prelo outros tantos títulos, o teatro infantil e xuvenil segue a necesitar unha maior nómina de crea-

dores e de plataformas editoriais sólidas. A autora de referencia continúa a ser Paula Carballa, pois non por acaso *Boas noites*, I Premio de Literatura Dramática Infantil Manuel María, é unha das revelacións que deixou o 2007. Os alicerces do seu éxito son os diálogos e anotacións áxiles e precisas, sempre adobiados cun chisco de humor e a recuperación da contística popular fusionada coa hábil esgazadura de estereotipos xenéricos.

Inmersa nunha década de profunda renovación dende o punto de vista formal, acollendo novas temáticas que reflicten a sociedade sen paternalismos, desprovista de elementos didactizantes que pexen a ficción, mais tamén co desafío de proxectar cara ao futuro os xéneros menos consolidados, a literatura galega infantil e xuvenil continúa diversificándose querendo volver a ilusionar. A ilusionar os cativos e cativas, para que a lean e a gocen, e a ilusionar ao mundo adulto, para que axuden a ler e saiban ver que detrás do barco pirata hai tamén todo un mar de significados entre os que voga o noso futuro como sociedade.